

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL ADSCRITA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TITULO I. NATUREZA E FUNCÍONS DA ESCOLA

TITULO II. DA FUNDACIÓN *SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIALES*

CAPÍTULO I. NATUREZA E FINS DA FUNDACIÓN
CAPITULO II. DO PADROADO DA FUNDACIÓN
CAPITULO III. DO/A DELEGADO DO PADROADO NA E.U.T.S.

TÍTULO III. DA ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DA E.U.T.S.

CAPÍTULO I. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

II.1. O PADROADO DA ESCOLA
II.2. A XUNTA DA ESCOLA

CAPÍTULO II. ÓRGANOS UNIPERSONAIS

III.1. O DIRECTOR/A DA ESCOLA
III.2. O SUBDIRECTOR/A OU XEFE/A DE ESTUDIOS
III.3. O SECRETARIO/A

TITULO IV. DOS PROFESORES

TITULO V. DOS ESTUDIANTES

TITULO VI. DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS

TITULO VII. DA REFORMA DO REGULAMENTO

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

TITULO I. NATUREZA E FUNCIÓNS DA ESCOLA

Artigo 1. A Escola Universitaria de Traballo Social (En adiante EUTS) é un Centro docente privado, adscrito á Universidade de Santiago de Compostela (Título Segundo, Capítulo 8, artigo 60 dos Estatutos da USC) con competencias e funcións que se orientan á formación académica dirixida á obtención do título de Diplomado en Traballo Social.

Artigo 2. A EUTS é unha institución baixo o patronazgo da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais* (en adiante FSA), entidade non lucrativa clasificada de interese docente (DOG 12-5-98) e declarada de Interese Galego (04-01-99).

Artigo 3. A EUTS pretende promover actitudes solidarias e tolerantes, dende un humanismo cristián que, respectando o pluralismo na sociedade e na universidade, ofrece un enfoque educativo acorde ás esixencias de toda institución universitaria e ás que emanan da súa singularidade.

Artigo 4. Dende esta identidade, a EUTS promoverá especialmente a formación de profesionais do Traballo Social así como a cultura en todas as súas manifestacións, con especial atención á cultura propia da Comunidade Autónoma Galega e á promoción do diálogo entre as diferentes ideoloxías dende a liberdade crítica e responsable como persoas e como membros da comunidade universitaria e dende o respecto ós principios que definen a natureza do centro.

Artigo 5. O réxime e normas de funcionamento do Centro regularanse polo presente Regulamento, a Actualización do Convenio de Adscripción da EUTS á USC (Aprobado en Xunta de Goberno de 15-03-01 e asinado o 15-5-2001) a normativa da USC aplicable ó centro e demais normas de rango superior vixentes.

Artigo 6. Son funcións da Escola:

- a) A elaboración de Plans de Estudio conducentes á obtención do título oficial de Diplomado en Traballo Social.
- b) A organización e xestión dos servizos e medios docentes que permitan o desenvolvemento dos plans.
- c) Realizar e participar en actividades de formación inicial e permanente orientadas prioritariamente ós profesionais do Traballo Social dos diferentes campos nos que desenvolven as súas funcións.
- d) Participar no estudo e avance na solución de problemas sociais e na formación social.
- e) Fomentar as relacións de colaboración coas institucións públicas e privadas para posibilitar a formación de todos os membros da comunidade educativa do centro e o fomento da investigación en ámbitos relacionados co Traballo Social.
- f) Calesquera outras que lle sexan atribuídas polos Estatutos da USC e por este Regulamento.

TÍTULO II. DA FUNDACIÓN SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIALES

CAPÍTULO I. NATUREZA E FINS DA FUNDACIÓN

Artigo 7. A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales* ostenta a titularidade da EUTS e ten por obxecto a promoción e realización, sin ánimo de lucro, de actividades socioeducativas.

CAPÍTULO II. DO PADROADO DA FSA

Artigo 8. O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, que executará as funcións que lle corresponden con suxección ó disposto no ordeamento xurídico e na Acta Fundacional da entidade.

CAPÍTULO III. DO/A DELEGADO/A DO PADROADO NA EUTS

Artigo 9. Corresponde ó/á Delegado/a do Padroado da FSA a representación do mesmo na EUTS, así como a xestión da mesma baixo as directrices do Padroado.

Artigo 10. Será Delegado/a do Padroado na EUTS a persoa designada por este órgano colexiado. O nomeamento farase para un periodo de catro anos, ó término dos que poderá ser renovado por outros dous periodos iguais, sin perxucio de que o Padroado estableza outras prórrogas iguais. O/A Delegado/a poderá ser removido do seu cargo pola mesma autoridade que o nomeou.

Artigo 11. Son funcións do/a Delegado/a do Padroado:

- Representar ó Padroado da FSA na EUTS
- Exercer a autoridade delegada do Padroado
- Executar os acordos do Padroado no que atinxe á EUTS
- Canalizar as demandas e informar ó Padroado regularmente da marcha da Escola
- O control do cumprimento das obrigas das persoas adscritas á Fundación na Escola ou que exercen as súas funcións na mesma.

TÍTULO III. DA ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DO CENTRO

CAPÍTULO I. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

I.1. O PADROADO DA ESCOLA

Artigo 12. O Padroado da Escola regulará o funcionamento do centro.

Artigo 13. O Padroado da Escola estará formado por:

- a) O Presidente e o Vicepresidente do Padroado da FSA ou persoas nas que deleguen.

- b) O Secretario/a da FSA, que actuará de Secretario do Padroado.
- c) O Delegado/a na EUTS da FSA.
- d) Un representante da EUTS.
- e) Os Vicerrectores de Profesorado e Ordeación Académica da USC ou persoas nas que deleguen.
- f) O Director/a da Escola.
- g) O Delegado/a da Universidade.

Artigo 14. Corresponde en todo caso ó Padroado:

- a) A xestión do presuposto da Escola.
- b) A contratación do profesorado, a proposta das Comisións de Selección.
- c) A aprobación do Regulamento da Escola.
- d) A resolución dos conflitos que poidan xurdir
- e) A proposta da FSA, o Padroado da EUTS elevará ó Rector acordo de nomeamento dos órganos unipersonais do centro.
- f) En xeral, cantas decisións excedan do ámbito da xestión ordinaria do centro

I.2. A XUNTA DA ESCOLA

Artigo 15. A Xunta de Escola é un órgano de proposta do centro en cuestións estritamente docentes.

Artigo 16. A Xunta de Escola actúa en Pleno ou en Comisións, sin que en ningún caso o pleno da Xunta poda delegar nestas últimas facultades decisorias

Sección 1ª. Do Pleno da Xunta de Escola

Artigo 17. O Pleno da Xunta de Escola estará integrado por.

- a) O Director/a , que presidirá e convocará
- b) O Subdirector/a, de existir, ou o/a Xefe de Estudos, e o Secretario/a
- c) O Delegado/a da Universidade
- d) O profesorado do centro
- e) De existir, unha representación dos bolseiros de investigación con docencia no centro nunha proporción do 5% do total da Xunta
- f) Unha representación de estudantes nunha porcentaxe do 25% do total da Xunta
- g) Unha representación do persoal de administración e servizos (en adiante PAS) nunha proporción do 5% do total da Xunta, cun mínimo de dous

Artigo 18. Só terán dereito de asistencia ás sesións da Xunta os membros da mesma. Previo acordo adoptado pola maioría asistente, poderá permitirse, non obstante, a presenza con voz pero sin voto de persoas non pertencentes á mesma.

Artigo 19. Pérdese a condición de membro da Xunta:

- a) Ó cesar a vinculación académica ou administrativa co centro
- b) Ó deixar de pertencer ó colectivo polo que foi elixido
- c) Por dimisión, no caso dos membros representantes dos alumnos/as e do PAS
- d) Cando por algún dos supostos anteriores os representantes dos colectivos de alumnos/as e PAS perdan a condición de membros da Xunta, procederase á substitución polo seguinte na lista de votados.

Artigo 20. Son competencias do pleno da Xunta de Escola:

- a) Elaborar e propor ó Padroado da Escola modificacións ó Regulamento
- b) Facer propostas sobre as liñas xerais da política académica da Escola
- c) Propor a modificación do Plano de Estudos
- d) Participar na elaboración dos novos Plans de Estudos, supervisar e coordinar o seu desenvolvemento e valorar os seus resultados
- e) Facer propostas de cara á organización académica das ensinanzas a impartir para a execución dos Plans de Estudos
- f) Designar Comisións na forma, composición e atribucións que se establezan neste Regulamento, e aprobar os seus informes
- g) Propor, impulsar e dar viabilidade as posibles actividades académicas non reguladas
- h) Recibir información sobre o desenvolvemento da vida académica
- i) Facer propostas en relación á aplicación de recursos
- j) Resolver e/ou asesorar en conflitos académicos

Artigo 21. O pleno da Xunta de Escola reunírase:

- a) A iniciativa do Presidente
- b) Por petición razoada por escrito de polo menos un 30% dos seus membros. Neste caso debe efectuarse a convocatoria nun prazo máximo de quince días hábiles seguintes á presentación da solicitude, que se formulará mediante escrito dirixido ó Presidente, coas sinaturas correspondentes e coa proposta dunha orde do día determinada.

Artigo 22. En calquera caso, a Xunta será convocada polo menos unha vez por cuadrimestre.

Artigo 23. A Convocatoria da Xunta corresponderá ó Presidente e deberá ser notificada ós membros cunha antelación mínima de setenta e dúas horas, salvo no caso de urxencia, no que abundarán vintecatros horas. Coa Convocatoria achegarase a orde do día, data, hora e lugar de reunión.

Artigo 24. A Orde do Día será fixada polo Presidente na súa competencia académica, tendo en conta as peticións dos demais membros da Xunta que lle tivesen sido formuladas coa suficiente antelación. Na Orde do Día, figurarán inexcusamente os puntos de aprobación da acta anterior e de rogos e preguntas, agás cando a Xunta teña

carácter extraordinario para debater un único tema. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na Orde do Día, agás que estén presentes todos os membros da Xunta e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría absoluta.

Artigo 25. A Xunta quedará válidamente constituída coa presenza física do Presidente e o Secretario/a, ou en calquera caso dos seus substitutos, e da metade a lo menos dos seus membros. Se non se acada esta proporción, constituirase en segunda convocatoria media hora despois da sinalada na primeira. Neste último caso, será necesaria a asistencia, como mínimo, de 1/3 dos seus membros.

Artigo 26. O Presidente da Xunta, ou persoa na que delegue, dirixirá e moderará o desenvolvemento das sesións. Poderá fixar turnos e tempos máximos de discusión para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinar a duración de cada intervención.

Artigo 27. Os acordos da Xunta adoptaranse pola maioría simple dos asistentes. No caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente. As votacións serán públicas a man alzada ou segredas. Serán segredas cando se trate da elección ou avaliación de persoas concretas ou se o solicita algún membro da Xunta. Non se admitirá delegación de voto, voto anticipado nin voto por correo. Os membros da Xunta poderán facer constar en acta os seus votos particulares.

Artigo 28. Actuará como Secretario/a da Xunta o Secretario/a da Escola. Este levantará Acta de cada sesión da Xunta, donde quedará constancia dos asistentes, a Orde do Día, as circunstancias de tempo e lugar, os puntos principias das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados e as peticións individuais para facer constar en acta. No caso de inasistencia do Secretario/a, o Presidente/a designará quen faga as súas veces entre os membros asistentes. As Actas serán redactadas e firmadas polo Secretario/a co visto bo do Presidente/a e serán aprobadas na seguinte sesión. As Actas aprobadas estarán a disposición de todos os membros da Xunta que desexen consultalas. A consulta da acta terá lugar no centro e realizarase en presenza do Secretario/a.

Sección 2ª Das Comisións

Artigo 29. As Comisións do Centro son órganos delegados pola Xunta para o mellor cumprimento das súas funcións. As Comisións poden ser permanentes ou ocasionais. As comisións permanentes terán un carácter anual. As comisións non permanentes serán creadas e designadas polo pleno da Xunta de Escola para a realización de traballos específicos, coincidendo a súa duración coa eventualidade dos mesmos. A Xunta determinará os membros que a integrarán, as competencias delegadas e, no seu caso, a duración da delegación.

Ambos tipos de comisións poden recabar a información e a presenza de persoas, así como a documentación necesaria para levar a cabo as misións encomendadas.

As propostas que presenten as comisións someteranse á aprobación do pleno da Xunta de Escola e/ou dos outros órganos de goberno que poideran resultar afectados.

Artigo 30. En todo caso serán comisións permanentes da Escola:

- a) A Comisión de Convalidación e Estudos
- b) A Comisión de Docencia

Artigo 31. Todos os membros das Comisións deben pertencer á Xunta de Escola, e terán a composición que acorde a Xunta.

Artigo 32. As comisións permanentes reuniranse a lo menos unha vez por cuadrimestre en sesión ordinaria, e en sesión extraordinaria cando as circunstancias así o esixan, apreciadas éstas pola Xunta, o Director ou un tercio dos membros da comisión.

As comisións non permanentes reuniranse tantas veces sexan necesarias para o cumprimento das funcións que lles foron encomendadas.

Artigo 33. Son funcións da Comisión de Convalidación e Estudos:

- a) Informar, orientar promover e asesorar á Xunta de Escola respecto ó seguimento e avaliación do Plan de Estudos vixente, así como a elaboración de novos planos de estudos
- b) Revisar e elaborar as propostas xenéricas de Convalidación e Libre Elección
- c) Asesorar nas solicitudes de convalidación que pola súa especial complexidade precisen criterios colexiados
- d) Presentar propostas á formación en seminarios, cursos ou outras actividades complementarias

Artigo 34. Son funcións da Comisión de Docencia:

- a) Presentar, avaliar e elaborar propostas dirixidas a optimizar a calidade da docencia
- b) Atender ós procesos orientados á optimización da formación académica, impulsando a coordinación e a revisión da fundamentación da formación
- c) Coordinar calquera actividade propia ou externa encamiñada a avaliar ou mellorar a calidade da docencia

Sección 3ª. Da elección do Pleno da Xunta de Centro

Artigo 35. A Xunta de Escola convocará as eleccións para o alumnado cada ano, e para o PAS cada dous anos, tendo que facerse antes de rematar o mes de decembro.

Artigo 36. O número de membros a elixir para representar a cada colectivo na Xunta será en función da porcentaxe correspondente a cadaún deles, axustándose o número para cada elección.

Artigo 37. Son electores dos representantes do alumnado todos/as os que figuren no censo electoral definitivo. Para figurar no censo é condición atoparse matriculado na EUTS para obter a Diplomatura.

Artigo 38. Son electores dos representantes do persoal de Administración e Servicios todos os que como tales exerzan as súas funcións na Escola.

Artigo 39. Todos os electores/as teñen a condición de elegibles.

Artigo 40. Os representantes do alumnado e do persoal de administración e servicios serán elixidos por sufraxio universal segredo e directo de entre os membros dos seus respectivos colectivos.

Artigo 41. Os órganos electorais son a Xunta Electoral e a Mesa Electoral.

Artigo 42. A Xunta Electoral preside e dirixe todos os procesos electorais da Escola, asumindo cantas competencias sexan necesarias para o exercicio da súa función, e en particular, as de interpretación da normativa electoral.

Artigo 43. A Xunta Electoral estará composta por:

- a) Un profesor/a titular e dous suplentes
- b) Un alumno/a titular e dous suplentes
- c) Un PAS titular e dous suplentes

Artigo 44. Os membros desta Xunta electoral serán elixidos por sorteo público, efectuado polo Director/a e Secretario/a do centro entre os membros de cada colectivo e perante a primeira Xunta de Escola do curso académico. Desempeñarán as súas funcións por un ano.

Artigo 45. A Xunta Electoral fará públicos os respectivos censos electorais. Nos cinco días lectivos seguintes á súa publicación toda persoa interesada poderá reclamar ante a Xunta Electoral, mediante documento escrito, sobre a súa inclusión ou exclusión no correspondente censo. A Xunta Electoral resolverá no día lectivo seguinte ó remate do prazo de reclamacións.

Artigo 46. A partires da data de convocatoria da elección á Xunta de Escola, abrirase un prazo de dez días naturais para a presentación de candidatos/as. No acto de presentación das mesmas, os seus compoñentes acreditarán documentalmente a aceptación da súa inclusión nas mesmas.

Artigo 47. A Xunta Electoral constituirá unha Mesa Electoral, por sorteo público, a lo menos cinco días lectivos antes do sinalado para a elección de representantes do alumnado e PAS.

Artigo 48. A elección levarase a cabo ante a Mesa Electoral durante o horario e día sinalado.

Artigo 49. A Mesa Electoral estará composta por:

- a) Un profesor/a a tempo completo como titular e outros dous como suplentes
- b) Un alumno/a como titular e outros dous como suplentes
- c) Un membro do PAS como titular e outros dous como suplentes.

Artigo 50. Actuará como Presidente/a na Mesa Electoral o profesor/a da mesa e como Secretario/a quen designe a Mesa entre o resto dos compoñentes. Non poderán ser membros da Mesa Electoral quen sexa membro da Xunta Electoral.

Artigo 51. A Xunta Electoral confeccionará as papeletas oficiais de voto.

Artigo 52. A Mesa Electoral asegurará a identidade dos votantes, e concluído o horario de voto, procederá de inmediato en sesión pública ó escrutinio, levantando acta dos resultados, acta que trasladará a continuación á Xunta Electoral.

Artigo 53. No día lectivo seguinte ó remate do escrutinio, a Xunta Electoral proclamará os resultados provisionais da mesma, así como a composición da Xunta da Escola. Nos dous días lectivos seguintes, poderán presentarse á Xunta Electoral as reclamacións ou impugnacións que poideran darse, resolvéndose no prazo dun día lectivo. Finalizado este trámite, a Xunta Electoral proclamará a composición definitiva da Xunta de Centro.

CAPÍTULO II. ORGANOS UNIPERSONAIS

Artigo 54. Os órganos académicos unipersonais que así o requiran serán nomeados polo Rector a proposta da FSA. Será potestade desta entidade, en virtude e beneficio das funcións de goberno e da Escola, propor a prórroga dos periodos establecidos para o exercicio de cargos académicos, se as circunstancias así o aconsellan.

II.1. O DIRECTOR/A DA ESCOLA

Artigo 55. O Director/a é a máxima autoridade académica do centro, estando asistido/a no exercicio das súas funcións polo Subdirector/a ou Xefe/a de Estudos e o Secretario/a da Escola.

Artigo 56. Son competencias do Director/a:

- a) Ostentar a representación académica da Escola
- b) Representar á Escola nos actos de carácter académico nos que se requira a participación da mesma e naqueles outros que se considere de interés ou necesaria a súa presenza
- c) Convocar, presidir e executar os acordos da Xunta de Escola
- d) A dirección da política académica da Escola
- e) A vixiancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todas as persoas adscritas á Escola que desenvolven o seu labor no centro
- f) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes

- g) Validar coa súa firma, xunto co Delegado/a da USC, as actas de calificacións das distintas convocatorias oficiais
- h) Autorizar e validar coa súa sinatura o establecemento de convenios de índole académica entre a Escola e outras institucións, velando polo cumprimento do estipulado nos mesmos
- i) Aprobar os plans anuais no que atinxe a organización docente (calendario, horario...)
- j) Participar na contratación de persoal docente, xunto cos demais órganos competentes
- k) Todas aquelas outras que non estean especificamente atribuídas a outros cargos da Escola

Artigo 57. O Director/a da Escola será nomeado polo Rector, a proposta do Padroado da FSA. O nomeamento farase para un periodo de catro anos, poidendo ser designado para outros dous periodos iguais e non se poderá ocupar o cargo máis de tres mandatos consecutivos. Non se computará como primeiro mandato o periodo que sexa consecuencia dunha elección posterior á demisión ou imposibilidade do anterior titular.

Artigo 58. O nomeamento recaerá nun profesor da Escola. Non obstante, cando concurran circunstancias excepcionais que o aconsellen, o nomeamento poderá recaer tamén nun profesor doutro centro da USC con docencia prioritariamente en algunha materia troncal das que figuren no Plano de Estudos conducente á Diplomatura ou secundariamente en calquera materia do mesmo Plan de Estudos.

II.2. O XEFE/A DE ESTUDIOS

Artigo 59. Corresponde o Xefe/a de Estudos dirixir e coordinar, baixo a autoridade do Director/a ás áreas de competencia que este lle asigne.

Artigo 60. Con carácter xeral, son funcións do Xefe/a de Estudos:

- a) Asesorar e informar ó Director dos asuntos da súa competencia
- b) Contribuir a garantir o exercicio de dereitos e deberes docentes e discentes
- c) Manterse ó tanto da normativa referente á titulación
- d) Sustituir ó Director en caso de vacante, ausencia ou enfermidade
- e) Calesquera outras que lle sexan encomendadas polo Director/a

Son funcións específicas:

- a) Facilitar o contacto entre profesores e alumnado
- b) Informar a profesores, pais e alumnos, prestando especial interese ás demandas individuais ou colectivas que éstos poidan presentarlle
- c) Elaboración do horario de clases, calendario de exámes e coordinación de horario de titorías
- d) Facilitar ós profesores información sobre a organización docente e os cambios ou axustes da mesma

Artigo 61. O Xefe/a de Estudos será nomeado polo Rector a proposta do Padroado da FSA. O Xefe/a de Estudos será designado de entre os profesores con adicación completa no centro.

II.3. O SECRETARIO/A

Artigo 62. Son funcións do Secretario/a:

- a) Redactar e custodiar as Actas da Xunta de Escola
- b) Recibir e custodiar as actas de calificación de exámes
- c) Expedir os documentos e certificacións das actas dos acordos dos órganos da Escola e dar fe de cantos actos ou feitos presencie na súa condición de Secretario/a ou que consten nos arquivos e rexistros propios da Escola
- d) Coidar da publicidade dos acordos e resolucións dos órganos de Goberno da Escola
- e) Ademáis, exercerá aquelas outras que lle sexan expresamente encomendadas polo Director/a

Artigo 63. O Secretario será nomeado polo Rector a proposta do Padroado da FSA. Será designado de entre os profesores con adicación completa no centro.

TÍTULO IV. DOS PROFESORES

Artigo 64. Son profesores da Escola aqueles que desempeñan a súa actividade docente na mesma.

Artigo 65. Son dereitos do profesorado, ademáis dos recoñecidos pola lexislación vixente:

- a) A liberdade académica, que se manifesta na liberdade de cátedra e o dereito á expresión das ideas e conviccións científicas
- b) O dereito á formación permanente, coa finalidade de garantir unha constante mellora da súa capacidade docente

Artigo 66. Son deberes dos profesores:

- a) Aceptar e cumprir este regulamento
- b) Contribuír á mellora dos fins e funcionamento da Escola
- c) O cumprimento das obrigas docentes, investigadoras e de titoría
- d) Actualizar os coñecementos científicos e perfeccionar a capacidade pedagóxica
- e) A avaliación do seu estudiantado con imparcialidade e de acordo coas normas establecidas
- f) Atender, coa dilixencia debida, as responsabilidades derivadas dos cargos e comisións para as que fose designado
- g) Respetar o ideario propio do centro.

TÍTULO V. DOS ESTUDIANTES

Artigo 67. Son estudantes da Escola, todos os matriculados en calquera das disciplinas que integran o plan de estudos.

Artigo 68. Son dereitos dos estudantes:

- a) A participación nos órganos de goberno e xestión nos termos establecidos neste Regulamento
- b) A organización, promoción e participación en actividades formativas, culturais, recreativas e á utilización das instalacións e dos servizos do centro
- c) A liberdade de asociación, sindicación, reunión, manifestación e folga dentro do ámbito universitario
- d) A formulación de peticións, reclamacións e queixas.
- e) O uso do galego a todos os niveis e en todas as relacións co centro
- f) A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene
- g) Recibir unha información e unha docencia cualificada e actualizada, tanto nos seus contidos coma no seus métodos pedagóxicos
- h) Ser avaliado obxectivamente no seu rendemento académico
- i) Participar no control da calidade da docencia e na elaboración dos criterios xerais de avaliación conforme os procedementos que se establezan
- j) Á propiedade intelectual dos traballos orixinais artísticos, científicos ou técnicos que realice no marco da súa actividade discente.

Artigo 69. Son deberes dos estudantes:

- a) O cumprimento dos Estatutos, Regulamento do centro, e demais normativa que fose de aplicación
- b) O cumprimento das obrigas investigadoras ou discentes inherentes á súa condición
- c) A cooperación cos demais membros da comunidade universitaria do centro na mellora dos servizos e na consecución dos fins da Universidade
- d) O respecto do patrimonio da Universidade e do centro e a contribución ó seu digno mantemento
- e) A asunción das responsabilidades propias dos cargos para os que sexan elixidos
- f) O potenciamento da vinculación e do prestixio da Universidade e da Escola de Traballo Social na sociedade, así como o respecto público á identidade do centro.
- g) Respetar o ideario do centro

TÍTULO VI. DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Artigo 70. Corresponde ó persoal de administración e servizos o desenvolvemento das funcións administrativas e de apoio á docencia e investigación.

Artigo 71. O PAS rexirase pola lexislación laboral xeral e polos convenios colectivos correspondentes.

Artigo 72. Son dereitos do PAS, ademais dos recoñecidos pola lexislación vixente:

- a) A participación nos órganos de goberno e xestión nos termos establecidos neste Regulamento
- b) Dispor dos medios axeitados para contribuir ó bo funcionamento da Escola
- c) A formación

Artigo 73. Son deberes do PAS, ademáis dos que recolle a lexislación vixente:

- a) Aceptar e cumprir este Regulamento
- b) O cumprimento das obrigas do seu posto e a prestación, con eficacia e calidade, dos servicios ós membros e usuarios da Escola

TÍTULO VII. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 74. A Iniciativa para a Reforma deste Regulamento deberá ser plantexada por un tercio dos membros da Xunta da Escola

Artigo 75. As propostas de reforma deberán estar debidamente articuladas e motivadas. As propostas de reforma, dirixidas ó Presidente/a da Xunta da Escola, deberán acompañarse da argumentación na que se fundamenten, e deberán ser presentadas a lo menos quince días hábiles antes da súa discusión no Pleno da Xunta de Escola. Recibidas as propostas, o Presidente/a deberá remitilas ós membros da Xunta, acompañando á convocatoria da reunión na que a proposta de reforma se someta a debate e votación.

Artigo 76. A aprobación das propostas de reforma requerirá o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Pleno da Xunta. De non ser así, a proposta de reforma considerarase rexeitada e non poderá plantexarse idéntica proposta ata transcorrido o prazo dun ano.

Artigo 77. Aprobada a proposta pola Xunta, o Presidente/a deberá elevar a mesma ó Padroado da escola para a súa aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Artigo único. En todas as cuestións non previstas no presente Regulamento aplicarase o que dispón o Convenio de Adscrición á USC ou o disposto pola normativa da USC.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Artigo único. Á entrada en vigor do presente Regulamento quedarán derogadas cantas normas e costumes contradigan o que nel se especifica.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor no momento da súa aprobación polo Padroado da Escola.